



Expediente nº: 2206/2024

Resolución de Alcaldía de número e data establecidos na marxe

Procedemento: Contrato de servizos relativo a execución do programa “Aula Matinal e Tardía” do Concello de Ponteareas, mediante procedemento aberto.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Con data 25 de maio de 2024 apróbase expediente de contratación por Decreto de Alcaldía núm. 2024-1881 mediante procedemento aberto, para a contratación do servizo relativo á execución do programa “Aula Matinal e Tardía” do Concello de Ponteareas

Procédese á publicación do anuncio de licitación con data 27 de maio de 2024 na plataforma de contratación do sector público.

A mesa de contratación designada para a licitación reuniuse con data 17 de xuño de 2024 co obxecto de proceder á apertura do sobre A que contén a documentación administrativa e se procede á do sobre B que contén a oferta económica presentada polos licitadores.

Á licitación presentáronse os seguintes licitadores:

1-ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L, de Lalín, o día 12 de xuño de 2024, ás 11:41 horas, representada por José Antonio López Alvarellós.

2-ACTIVIDADES FORMATIVAS S.L. de, Zaragoza, o día 12 de xuño de 2024, ás 14:26 horas, representada por Jesús del Pozo Sierra.

Despois de proceder, en acto non público, á apertura do Sobre A, co contido establecido no punto 10º do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

- **ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.**, presenta:

-Declaración responsable para participar na licitación, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos.

A Mesa de Contratación cualificou correcta a Declaración responsable e admítea á licitación.

- **ACTIVIDADES FORMATIVAS S.L.** presenta:

-Declaración responsable para participar na licitación, conforme ao Anexo I, da que se desprende que se atopa inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, que non pertence a grupo empresarial e que autoriza a consulta de datos.

A Mesa cualificou correcta a Declaración responsable e admitiuna á licitación.





A continuación, en acto público, procedeuse a apertura do Sobre B, co contido establecido no punto 10º do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e as licitadoras presentan a seguinte documentación:

-ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L., oferta:

- Programa de aula matinal ou tardía: **34,10 euros**
- Programa de aula matinal máis aula tardía: **38,90 euros**
- Plan lúdico para o alumnado: **5 días por semana**
- Bolsa de horas adicionais de monitor: **75 horas**
- Compromiso de adscribir os medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato.
- Non ten previsto subcontratar.

- ACTIVIDADES FORMATIVAS S.L. oferta:

- Programa de aula matinal ou tardía: **34,45 euros**
- Programa de aula matinal máis aula tardía: **39,45 euros**
- Plan lúdico para o alumnado: **5 días por semana**
- Bolsa de horas adicionais de monitor: **75 horas**
- Compromiso de adscribir os medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato.
- Non ten previsto subcontratar.

Vista a valoración efectuada pola Mesa de Contratación tras a aplicación da fórmula contida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

LICITADORAS	AULA MATINAL OU TARDÍAS	AULA MATINAL MÁIS TARDÍA	PLAN LÚDICO	BOLSA HORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
ALVALOP SERVICIOS XXI	34,10	38,90	(5 días/semana)	(75 horas)	100
	73,00 = 60 p		25 p	15 p	
ACTIVIDADES FORMATIVAS	34,45	39,45	(5 días/semana)	(75 horas)	99,27
	73,90 = 59,27 p		25 p	15 p	

Vista a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación ao órgano de contratación do "SERVIZO DE AULA MATINAL E TARDÍA", a favor da empresa **ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.**, con NIF B36591063, conforme a súa proposta por resultar a máis vantaxosa (programa de aula matinal ou tardía: **34,10 euros**; programa de aula matinal máis aula tardía: **38,90 euros**; plan lúdico para o alumnado: **5 días por semana**; bolsa de horas adicionais de monitor: **75 horas**), condicionada á previa presentación da seguinte documentación referida na cláusula 12ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.





Visto que no prazo de dez días hábiles a contar dende o envío da notificación a empresa ALVALOP SERVICIOS XXI S.L., con NIF B36591063, presenta a documentación establecida na cláusula 12ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe favorable núm. 2024-0509 emitido pola Intervención Municipal en data 11 de xullo de 2024.

Examinada a documentación que acompaña, vista, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e por todo o anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar admitidos os seguintes licitadores para a Contratación do servizo servizo relativo á execución do programa “Aula Matinal e Tardía” do Concello de Ponteareas:

- ALVALOP SERVICIOS XXI
- ACTIVIDADES FORMATIVAS

SEGUNDO: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento:

LICITADORAS	AULA MATINAL OU TARDÍAS	AULA MATINAL MÁIS TARDÍA	PLAN LÚDICO	BOLSA HORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
ALVALOP SERVICIOS XXI	34,10	38,90	(5 días/semana)	(75 horas)	100
	73,00 = 60 p		25 p	15 p	
ACTIVIDADES FORMATIVAS	34,45	39,45	(5 dias/semana)	(75 horas)	99,27
	73,90 = 59,27 p		25 p	15 p	

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de servizos relativo a execución do programa “Aula Matinal e Tardía” do Concello de Ponteareas nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos





de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas á licitadora ALVALOP SERVICIOS XXI.

- Programa de aula matinal ou tardía: **34,10 euros**
- Programa de aula matinal máis aula tardía: **38,90 euros**
- Plan lúdico para o alumnado: **5 días por semana**
- Bolsa de horas adicionais de monitor: **75 horas**
- Compromiso de adscribir os medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato.
- Non ten previsto subcontratar.

CUARTO: Dispoñer o gasto correspondente de conformidade co establecido no Informe de Intervención de data 18 de xuño de 2024. .

QUINTO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

SEXTO: Designar como responsable de contrato a Dalmacio Vázquez Troncoso, administrativo adscrito ao departamento de ensino.

SÉTIMO. Notificar a resolución aos restantes licitadores.

OITAVO. O contrato perfecciónase coa súa formalización.

A formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

A formalización do contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a 15 días tras o perfeccionamento do contrato no perfil de contratante do órgano de contratación (art. 154. 1 LCSP).

NOVENO. Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa desagregación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

DÉCIMO. Dar traslado desta resolución aos departamentos de intervención e á responsable municipal do contrato.

A alcaldesa, María Nava Castro Domínguez.
(documento asinado dixitalmente)

Contra esta resolución de adxudicación do contrato, que esgota vía administrativa, cabe interpoñer o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles desde a notificación da presente Resolución, computándose os prazos de conformidade co disposto na Disposición





adicional décimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. O recurso deberase acompañar a documentación que establece o artigo 51.1 desta Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O escrito de interposición poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso. No caso de que non se opte por esta vía, cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

De conformidade co punto primeiro da Disposición adicional décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os prazos computaranse desde a data de envío da notificación ou do aviso de notificación, se fose mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicase o mesmo día no Perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

O secretario municipal

Carlos López Quintáns

